

Ola a todos e todas!

Gracias a estes recortes de periódico, descubrín que a segunda campá da igrexa de Camelle fora, nin máis nin menos, que un **AGASALLO** para o pobo por axudar aos superviventes do City of Agra, outro barco naufragado nas nosas costas.



42 persoas sobreviviron ao naufraxio: 32 aloxadas nas casas de Camelle, Arou e Camariñas e 10 salvados pola tripulación do vapor mercante británico, Onega. A bordo do City of Agra ían en total, 75 almas. 71 tripulantes, dous pasaxeiros e dous polisóns.

Os veciños de Arou e Camelle proporcionaron aos náufragos roupas, comidas, camas e prodigáronlles toda clase de atencións e de consolo

Esta semana toca dar as voltas abrazados e abrazadas, con tantos compañeiros/as como queirades, para lembrar a xenerosidade e apoio que demostraron os veciños e veciñas ao axudar aos náufragos.

